

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2023**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de setembro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o secretario xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel en substitución do visecretario accidental, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das sesións da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 26 (constitutiva) e 28 de xuño; 5, 12, 19, 26 e 31 (extraordinaria) de xullo e 2, 9 e 16 de agosto de 2023.

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para construción dun galpón para apeiros de labranza, en Rivas dos Campos, Meilán (exp. 2022/Y001/000259) e para baixada a cota cero dun ascensor en edificio de vivendas de planta soto, baixa, entresollado, catro plantas altas e baixocuberta, na rúa Monte Faro, número 45 (exp. 2023/Y001/000138).

Acórdase denegar a licenza urbanística para construír unha vivenda unifamiliar illada no núcleo rural de Pedrafita, parroquia de Santa Comba (exp. 2021/Y001/000273).

Acórdase aprobar a licenza urbanística para a ampliación de construción en industria cárnica na parcela P.2.1, Sector Sud-Coeses-Cuíña-S.1.1, (exp. 2022/Y001/000254).

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3692480378991153900.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-9-2023

Acórdase denegar a licenza urbanística para construción de almacén agrícola en San Xillao de Bocamaos (exp. 2021/Y001/000286).

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a adxudicación na contratación da subministración de dous vehículos mediante lotes para o parque móbil, exp. ref. 2023/C004/000023.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da subministración, instalación e mantemento dos sistemas audiovisuais do salón de plenos e salón de comisións, dentro da estratexia dusi muramiñae da Muralla ao Miño. código de proxecto: 16DUSI001, incluído no programa operativo Feder Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80%. exp. ref. 2023/C004/0000019.

Así mesmo, acórdase a adxudicación na contratación da subministración de material eléctrico para o servizo electromecánico e industrial do Concello de Lugo, exp. ref. 2023/C004/000021.

**3. FOMENTO.-** Acórdase o Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela co obxecto de colaborar nos gastos derivados do evento Lugo USC, actívate para o novo curso.

**4. PLANEAMENTO.-** Acórdase a aprobación inicipal do plan parcial do Sud S-16.R .

**Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**